

Onde están os meus dereitos?

Pasarei pola casa de Ximena e collerei as menciñas, despois... e se vou ata o miradoiro e vexo as estrelas? Non, non. Tes que volver a casa, é tarde.

- E con isto acabamos a clase, podedes ir a casa.

Non o podo crer! Perdinme outra vez entre os meus pensamentos...diría algunha cousa importante? Se polo menos tivese a alguén a quen preguntarlle...

Mentres lamento a miña soidade, vou saíndo da cabana de madeira onde temos as clases coa profesora Mencía. Aceptoume porque miña nai suplicoulle miles de veces e á mil e unha dixo que si. Lembro ese día coma se fose hoxe. Que xantar! Ánxela, ou máis ben Anxeliña como a coñecen no barrio, empregou todos os cartos aforrados nuns ósos de polo cos que fixo o caldo. Díxome que tiña que comelo todo, que ía precisar coller forzas porque, por fin, comezaría a escola. As nenas da miña idade doutros barrios estudaban nas escolas diúrnas. O meu destino era diferente. Na casa estabamos miña nai e mais eu, e tíñamos que traballar as dúas para poder comer cada día. Eu nunca souben que, como nena, os meus dereitos eran os mesmos que calquera outra. Eu só sabía que miña nai sempre dicía: “esta nena miña vai aprender a ler e escribir aínda que sexa a última cousa que faga na vida”, e que por iso eu agora vou á cabana de madeira, grazas a ela.

Saín de casa de Ximena, pero non parei a ver as estrelas, non esta vez. Cando cheguei a miña casa e vin a súa cara, souben que xa non ía necesitar máis menciñas. Miña nai colleume a man e cos ollos cheos de bágoas díxome as súas últimas palabras: “miña filla, que ninguén che diga nunca que non o podes facer”.

300 palabras